

CEIP
LAVERDE
RUÍZ

PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19



ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. PROCEDEMNETO A SEGUIR SE SE DECRETA UN PECHE OU CONFINAMENTO TOTAL OU PARCIAL	4
3.ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA.....	4
3.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS.....	4
3.2 DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA	5
4. HORARIO ESPELLO	7
5. CONTROL DA AVALIACIÓN E ASISTENCIA	7
6. RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO ENSINO VIRTUAL.....	9



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

De acordo co establecido na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19*, elaboramos o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centro no contexto da Covid-19.

Este documento concreta as medidas que se adoptarán no CEIP Laverde Ruíz en caso de **coretena parcial ou total de aula así coma no caso eventual de peche total do centro**.

As premisas nas que se basea este documento son as seguintes:

“As **aulas virtuais** utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de coretena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo”

“O centro elaborará un Plan de Continxencia, que será aprobado pola dirección do centro no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria”

“O **ensino non presencial** será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma”



2. PROCEDEMNETO A SEGUIR SE SE DECRETA UN PECHE OU CONFINAMENTO TOTAL OU PARCIAL

A autoridade competente para establecer un confinamento parcial ou total dunha aula ou mesmo do propio centro é a **Autoridade Sanitaria**, polo que a dirección do centro así coma o Equipo Covid do mesmo seguirá exhaustivamente as recomendacións que se den desde sanidade e así o trasladará a quen competa en canto se produza unha comunicación directa ao centro por calquera dos medios establecidos polas autoridades para tal fin.

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. Ademais, habilitará na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente ao alumnado de menor idade, a través da **aula virtual**.

Tal e como se recolle no **Plan de continxencia do centro** o medio para o ensino non presencial no noso centro será o emprego da aula virtual. No momento actual todos os mestres/as do centro teñen habilitada a súa aula virtual a través da páxina web do centro. Do mesmo xeito creouse a **páxina web do centro** unha entrada específica para cada aula do centro na páxina web do mesmo. Esta poderá ser empregada por calquera titor ou titora do centro para establecer canles de comunicación eficaz e sinxelas coas familias e o seu alumnado. Nos cursos inferiores poderán empregarse outros medios adicionais, preferentemente corporativos para este fin.

A partir de terceiro de primaria (incluído) tal e como recomenda o Protocolo para a Adaptación á Covid 19 nos centros educativos será a AULA VIRTUAL do centro o medio empregado para as clases non presenciais.

3.ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA

3.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.



- Plataforma de videoconferencia institucional que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios
- Aula virtual: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas

Durante o **peche ou confinamento total da aula** o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo .

- **O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario.** O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

- **As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial,** respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, **está obrigado participar nas clases non presenciais** con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

- **O centro realizará de xeito inmediato e periodicamente simulacións** que permitan asegurar e garantir a comprensión por parte do alumnado do funcionamento da aula virtual e da plataforma empregada para as clases non presenciais.

3.2 DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA

A actividade lectiva non presencial **será impartida a través das ferramentas institucionais** tales como as aulas virtuais, Webex, Falemos etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou **a avaliación continua** da mesma.

Sendo o horario o mesmo que na educación presencial, deberá respectarse a carga lectiva de cara área. Esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.

Cando durante o peche ou confinamento **parte do profesorado afectado se atope de baixa** será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC



/eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para esta labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente tal e como teña recollido na súa Programación Didáctica.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria. Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráse á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e **as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias**, especialmente para o alumnado de menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual pode contactar coa asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas alíneas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.



Garantírase en todo momento **a atención a diversidade** do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

4. HORARIO ESPELLO

Establécese como horario espello o **horario habitual de cada mestre ou mestra** do centro que se conectará desde aula para atender ao alumnado que se atope en situación de confinamento.

Fóra do horario lectivo o **horario de atención ás familias será os martes de 3 a 4** tal e como se recolle na PXA do centro.

Cada titor/a establecerá un **horario de atención ao alumnado** que queda establecido os **mércores de 4 a 5**, podendo modificarse ou adaptarse cando as necesidades particulares así o requiran.

O horario de atención **ás familias por parte da xefa do Departamento de Orientación** será os **mércores de 12:10 á 13**.

5. CONTROL DA AVALIACIÓN E ASISTENCIA

O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

Organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual.

Esta reunión será **convocada e realizada por cada mestre/a titor/a** a través dos medios corporativos establecidos para tal fin.



O **control de asistencia** establecerase diariamente polo profesor mediante as ferramentas habituais.

A dirección do centro, a través **da xefatura de estudos**, requerirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido O orientador do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

A administración garantirá o dereito a educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

- O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Quedan establecidas as seguintes **necesidades de equipamento no noso** centro unha vez realizadas as enquisas as familias analizadas estas por cada mestre/a titor/a:

- ✓ En terceiro de primaria 3 equipos
- ✓ En cuarto de primaria 2 equipos
- ✓ En quinto de primaria 3 equipos
- ✓ En sexto de primaria non son necesarios equipos

O centro trasladou a UAC como incidencia grave de funcionamento a falta dunha liña estable de internet na segunda planta do edificio principal.

- Unha vez atendidas as necesidades iniciais, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir A inspección trasladará á Amtega estas necesidades para a súa cobertura inmediata • Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

- O material será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da aula virtual.



- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.

6. RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA A ENSEÑANZA NON PRESENCIAL

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DAS TAREFAS (ENSINO VIRTUAL)			
ENTREGA DA TAREFA PROPOSTA	NON ENTREGA A TAREFA OU A ENTREGA FÓRA DO PRAZO ESTABLECIDO. (0 PUNTOS)	ENTREGA A TAREFA EN PRAZO, PERO ESTA NON SE AXUSTA AO CONTIDO QUE SE DEMANDA, FALTA COHERENCIA E ORDE NA TAREFA E FALTAN PASOS NO DESENVOLVEMENTO DA MESMA. (1 PUNTO)	ENTREGA A TAREFA EN PRAZO, COMPLETA E CON RIGOR E COHERENCIA. (2 PUNTOS)
CONTIDO DA TAREFA	OS CONTIDOS NON ESTÁN ADQUIRIDOS. (0 PUNTOS)	OS CONTIDOS ESTÁN EN PROCESO DE ADQUIRIRSE. (1,5 PUNTOS)	OS CONTIDOS ESTÁN ADQUIRIDOS. (3 PUNTOS)